

REPASO UNIDADE 1

1. Indica que función da linguaxe predomina nas seguintes frases:

- Sigan a frecha. **Apelativa ou conativa.** Busca unha reacción no oínte.
- Os ángulos dun triángulo suma 180 graos. **Representativa ou referencial.** Transmite datos.
- Como poden acontecer cousas así? **Expresiva ou emotiva.** Expresa sentimento/subxectividade.
- Cando o corvo da noite se pousaba / nas derradeiras luces do solpor... **Poética.** Incide na forma da mensaxe.
- María Xosé Queizán é unha autora polifacética. **Representativa.**
- Ti tamén contas! Móvete! **Apelativa.**
- Móvete, que non te escoito ben. **Fática ou de contacto.** Establece a comunicación.
- Prohibido fumar na terraza. **Apelativa.**
- Medo é un substantivo abstracto. **Metalingüística.** Transmite información sobre o propio código.
- Adiós ríos, adiós fontes... **Poética.**

2. Ante a situación dunha empregada que chega tarde ao seu posto de traballo e explica os motivos ao xefe na seguinte conversa: “Ten que perdoar a tardanza, de camiño aquí atopeime cun accidente de tráfico, con dous coches implicados, despois veu a policía, achegáronse moitos curiosos e a ambulancia non podía chegar ao lugar”. Reescribe o texto de acordo a un nivel da lingua vulgar e culto:

Resposta aberta. Trátase de modificar o enunciado e trasladalo a un nivel culto da lingua (por exemplo con emprego de léxico preciso “colisión de dous vehículos”); mentres que no nivel vulgar temos imprecisión léxica “escacharráronse dous coches”.

3. Tendo en conta o exercicio anterior indica cales son os elementos da comunicación.

EMISOR- empregada

RECEPTOR- xefe

MENSAXE- explicación por chegar tarde

CÓDIGO- lingua galega oral

CANLE- transmítese polo aire

CONTEXTO (referente + situación)- ámbito laboral, conversa co xefe por chegar tarde.

4. Que é o ecolingüismo?

Termo que define a preservación e conservación da lingua propia, aínda que teñamos unha segunda lingua de maior ámbito, isto contribúe a manter a diversidade lingüística, do mesmo xeito que se protexen as especies animais e vexetais en perigo de extinción debemos protexer as linguas como vehículo dun saber e un modo de ver o mundo particulares.

5. Cita algún Estado, país ou nación, ademais de España que sexa purilingüe. Sinala algunha lingua que sexa á vez maioritaria e minoritaria e indica onde.

En Europa son plurilingües países com Bélxica, onde se fala flamengo, alemán e francés ou Suíza, onde se fala italiano, romanche, francés e alemán.

O castelán é maioritario en Galiza, pero minoritario nos Estados unidos.

6. Explica que é a lusofonía e a importancia que pode ter para os galegos.

A lusofonía é a relación lingüística e cultural que comparten os países de fala portuguesa. Na actualidade o portugués é unha lingua falada por uns 200 millóns de persoas repartidas por todos os continentes.

A proximidade do galego co portugués, que en orixe foron a mesma lingua achéganos a posibilidade de comunicarnos cunha base moi ampla.

7. Cita as linguas do Estado español e di cales son cooficiais xunto co castelán.

As linguas do Estado español son o castelán (en todo o Estado), o catalán, o galego e o vasco, que son cooficiais nas respectivas comunidades autónomas (o catalán recibe o nome de valenciano na Comunidade Valenciana).

O aranés é oficial na rexión do Val de Arán.

O asturiano e o aragonés non teñen estatus de lingua oficial.

8. Por que pensas que en estados bilingües o máis común é atopar unha situación de diglosia?

Porque os habitantes dos estados que teñen máis dunha lingua teñen o dereito de coñecer e usar as linguas que son cooficiais nese territorio, pero, con frecuencia, ese bilingüismo non é real e implica unha situación de diglosia, é dicir, os falantes tende a usa unha lingua para contexto máis formais e outra para situacións informais e familiares.

9. Que é unha lingua minoritaria? E minorizada?

Sinalar que unha lingua é minoritaria é relativo pois sempre hai que ter en conta o territorio ao que nos estamos a referir á hora de catalogar unha lingua como tal. Por exemplo, dicir que o galego é

maioritario é relativo, pois só o é en Galicia xa que no Estado español é minoritario. Responde exclusivamente a unha cuestión cuantitativa, isto é, número de falantes.

O concepto de lingua minorizada fai referencia a linguas historicamente propias dun territorio que viron ocupados os seus espazos de uso por unha lingua allea.

10. Cal é a diferenza entre unha lingua oficial e unha lingua nacional?

O termo lingua oficial indica o estatus legal (no caso do galego e castelán recollido no Estatuto de Autonomía e Constitución) de determinado idioma como instrumento de relación entre o estado e a cidadanía. Lingua nacional é a creada e usada por un pobo ao longo da súa historia, independentemente do seu estatus legal.

CONFLITO LINGÜÍSTICO, BILINGÜISMO E DIGLOSIA

O contacto entre linguas é un fenómeno que existiu desde tempos moi antigos debido a que as sociedades estableceron relacións unhas coas outras ao longo da historia. É practicamente imposible atopar un idioma no mundo que non estea “contaminado” por idiomas veciños. A coexistencia de dúas linguas nunha sociedade supón case sempre, como no caso do galego, que boa parte dos falantes dominen os dous códigos (*bilingüismo*), pero tamén unha certa desigualdade nos usos que se fan de ambas as linguas (*diglosia*) e, consecuentemente, a aparición do *conflito lingüístico*.

O conflito lingüístico aparece nunha sociedade cando dúas linguas en contacto compiten por desempeñar todas as funcións posibles. Adoita producirse cando a lingua allea a un territorio intenta usurpar funcións tradicionalmente asociadas á lingua propia dese mesmo territorio. Isto é o que vén acontecendo entre galego e castelán.

O bilingüismo

O termo bilingüismo designa a capacidade que ten unha persoa para se expresar máis ou menos con igual destreza en dúas linguas (*bilingüismo individual*); en sentido colectivo (*bilingüismo social*), refírese á comunidade na que se empregan dúas linguas, sendo bilingües boa parte dos seus individuos. Desde esta perspectiva, a maior parte dos galegos somos bilingües e tamén o sería a nosa sociedade.

Os prexuízos lingüísticos son xuízos de valor que consisten en presentar trazos negativos sobre unha lingua ou sobre os seus falantes e teñen como obxectivo provocar o seu rexeitamento.

A diglosia

Prodúcese cando existe un desigual reparto de usos entre variantes dunha mesma lingua ou entre linguas diferentes en territorios onde hai dúas ou máis linguas en contacto, os falantes poden xulgar que sexa preciso empregar unha lingua para as funcións formais e outras para as informais. Deste xeito, unha lingua A (no caso de Galiza é o castelán) será empregada nas situacións formais e a lingua B (o galego, a lingua propia) resérvana para os contextos máis informais, como falar coa amigos, coa familia etc.